

MATERIA  
Cultura e poder na Idade Moderna

TITULACIÓN  
Grao en Historia

unidade  
didáctica  
4

# Goberno e administración

Rubén Castro Redondo

Área de Historia Moderna  
Departamento de Historia Medieval e Moderna  
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16533-16-9

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533169>

**MATERIA: Cultura e Poder na Idade Moderna**

**TITULACIÓN: Grao en Historia**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Cultura popular e cultura das elites**

**Unidade II. Medios de difusión da cultura**

**Unidade III. Comportamentos relixiosos**

**Unidade IV. Goberno e administración**

O Reino de Galicia e as súas Institucións de goberno

A organización civil do territorio. A fiscalidade

A administración de xustiza

A administración eclesiástica

A organización militar. Dos Habsburgo ós Borbóns

**Unidade V. Socioloxía do poder**

**Unidade VI. Relacións internacionais**



## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN (SECCIÓN 0)

#### 1. Presentación

- 1.1. Xustificación da Unidade Didáctica na programación da materia
- 1.2. Destinatario e duración

### OBXECTIVOS

### METODOLOXÍA

### CONTIDOS

- 1.1. O Reino de Galicia e as súas Institucións de goberno
- 1.2. A organización civil do territorio. A fiscalidade
- 1.3. A administración de xustiza
- 1.4. A administración eclesiástica
- 1.5. A organización militar. Dos Habsburgo ós Borbóns

### PRÁCTICAS INTERACTIVAS

### AVALIACIÓN

### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA



## PRESENTACIÓN (SECCIÓN 0)

---

### 1. Presentación

A presente Unidade Didáctica, denominada «Goberno e administración», forma parte da materia «Cultura e Poder na Idade Moderna» que se imparte como optativa no segundo semestre do Grao en Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

Como o seu propio título indica, a materia subdivídese en dous grandes bloques: o mundo cultural e o poder. No primeiro deles, o obxecto de análise é a dobre natureza do mundo cultural en canto ós seus protagonistas: cultura popular e cultura elitista. Posteriormente a materia propón unha análise dos medios polos cales se difunden e se expresan eses contidos culturais. Por último, os comportamentos relixiosos serán estudados en particular como un dos fenómenos máis representativos do panorama cultural

No segundo dos bloques, o poder e o goberno serán os protagonistas temáticos, reflexionando sobre o exercicio da administración, a socioloxía dos seus profesionais e, finalmente, as claves para entender as relacións internacionais na época moderna.

#### 1.1. Xustificación da Unidade Didáctica na programación da materia

A pesar de tratarse dunha materia optativa, no mundo da cultura atópanse moitas das respostas e imbricacións dos contidos que o alumnado adquiriu nas materias comúns dos cursos anteriores, moitas delas de carácter estrutural.

Dende a aparición da imprenta, o panorama cultural das sociedades europeas modificouse para sempre. O soporte, pero sobre todo as técnicas de difusión e a súa velocidade, cambiaron as formas tradicionais nas que os intermediarios ou receptores finais accedían á cultura.

Os incipientes estados nacionais, como unhos protagonistas máis do mercado cultural —produtores, intermediarios e receptores—, modificaron igualmente a administración, a organización e a relación gubernativa cos seus territorios.

En termos xerais, a unidade analiza as vías administrativas polas cales foi xestionado un dos territorios que compoñían a Monarquía Hispánica na idade moderna. Neste caso, e a efectos de exemplificación, tomouse como referencia o antigo Reino de Galicia.

#### 1.2. Destinatario e duración

O destinatario da unidade didáctica que presentamos é o alumnado que elixa a materia optativa na que aquela se inscribe: «Cultura e Poder na Idade Moderna», para o que é necesario ter superado as materias obrigatorias e comúns do primeiro ciclo do Grao en Historia. Unha vez adquiridos os fundamentos básicos de fontes e métodos para a Historia Moderna, así como os contidos básicos en canto á política, á sociedade e á economía das súas sociedades, a materia profundizará nos elementos

culturais e gubernativos que están detrás das análises estruturais previamente sinaladas. A presente unidade, en particular, centrarase no ámbito do goberno e da administración do Reino de Galicia na Monarquía Hispánica dos séculos XVI-XVIII.

A súa duración será de sete horas: cinco horas de carácter expositivo e dúas horas de carácter interactivo.

## OBXECTIVOS

Os obxectivos a alcanzar especificamente na presente unidade didáctica son os que seguen:

- Coñece-las institucións de goberno a través das cales a Monarquía Hispánica e o Reino de Galicia se comunicaron reciprocamente durante os séculos modernos
- Coñece-la administración do territorio do Reino de Galicia na idade moderna, en especial o referido á materia fiscal
- Coñece-la organización xudicial e a administración de xustiza no Reino de Galicia, e a súa conexión coas instancias xudiciais da Coroa de Castela no Antigo Réxime
- Coñece-la organización eclesiástica do territorio do Reino de Galicia no Antigo Réxime
- Coñece-la organización militar do territorio do Reino de Galicia na idade moderna

OBXECTIVOS DA MATERIA	OBXECTIVOS DA UNIDADE DIDÁCTICA
Coñece-los fundamentos da historia cultural nos séculos modernos	Coñece-las institucións de goberno do Reino de Galicia na idade moderna
Coñecer e interpreta-las fontes documentais para a Historia da Cultura e do Poder	Coñece-la administración do territorio galego na modernidade
Coñece-la metodoloxía e a historiografía actual sobre o estudo da Historia da Cultura e do Poder na idade moderna	Coñece-la organización xudicial do Reino de Galicia no Antigo Réxime
Obter coñecementos transversais que conecten a Historia Moderna coas disciplinas humanísticas	Coñece-la organización eclesiástica do Reino de Galicia nos séculos modernos
Obter coñecementos transversais do mundo cultural e do poder para comprender mellor os contidos estruturais da Historia Moderna Universal	Coñece-la organización militar do territorio galego no Antigo Réxime

## METODOLOXÍA

---

Os contidos teóricos desenvolveranse en cinco clases expositivas de 55 minutos cada unha. En cada unha delas empregaranse os medios audiovisuais dispoñibles na aula para visualiza-los territorios que comprende cada unidade administrativa, segundo a súa natureza fiscal, xudicial, eclesiástica ou militar.

Para o seguimento das exposicións, o alumnado disporá previamente dun esquema base que articulará os contidos que se van desenvolver nas devantidas clases. Xunto co material cartográfico farase uso dunha presentación que fixe as ideas base que se están a desenvolver en todo momento.

Os contidos interactivos desenvolveranse en grupos máis reducidos que os propios das clases expositivas, nunha sesión continua de dúas horas. Se houberse a posibilidade material na facultade, desenvolveranse preferentemente en aulas seminarios ou, en todo caso, nunha aula cunha única mesa que permita compartir o material e discutir en conxunto as actividades que se propoñan.

## CONTIDOS

---

Como se pode apreciar no índice de contidos da unidade didáctica, a división responde a un criterio temático no que se trata de respecta-la mesma distinción das administracións en canto ás súas competencias. Como é lóxico, cada unidade administrativa tiña un cometido prioritario, pero no Antigo Réxime en particular, as súas competencias non tiñan por que ser —e non eran— de carácter privativo. Como un fenómeno habitual, as institucións da idade moderna mantiñan case sempre unha dobre natureza: gubernativa e xudicial.

Non rematan aí as particularidades da administración no Antigo Réxime. Unha das características máis evidentes das estruturas administrativas previas ás que desenvolverán os estados liberais a partir do século XIX é que os seus respectivos límites non se superpoñen a partir das unidades menores: as provincias quebraban as unidades xurisdicionais nos seus extremos territoriais, e estas facían o propio coas parroquias, a unidade base a través da cal se desenvolverá a administración territorial en Galicia a partires do século XVIII. Á metade de dito século, as provincias civís pouco se asemellaban territorialmente ós seus bispados homónimos. Pero incluso dentro da mesma administración civil, o panorama distaba de ser homoxéneo: con frecuencia, as xurisdicións —pero sobre todo os denominados “coutos redondos”— circunscribían territorios que quebraban as parroquias establecidas, non sendo inusual que fosen máis pequenos en extensión que unha soa parroquia, e ás veces incluso con implicacións soamente para unha casa ou media ducia de veciños.

Con este panorama, o apoio cartográfico evidénciase imprescindible. As circunscricións polas cales se administraba o territorio galego nas distintas competencias de goberno eran desiguais, pero os seus topónimos eran a miúdo homónimos, polo que a confusión parece inevitable sen a representación xeográfica da extensión territorial correspondente a cada unidade administrativa.

### 1.1. O Reino de Galicia e as súas Institucións de goberno

Dende a cima da xerarquía administrativa e dende o reinado dos Reis Católicos, a única institución que se superpoñía a tódalas restantes administracións sobre o territorio galego era a Real Audiencia de Galicia ata a aparición da Intendencia borbónica. En consecuencia, era tamén a única que administraba todo o reino sen subdividilo con criterios xeográficos.

Á súa cabeza situábase o Gobernador Capitán Xeneral, coa máxima competencia en materia militar, pero con atribucións gubernativas e xudiciais que mudaron ó longo dos séculos modernos.

A segunda das institucións que a monarquía utilizou para a directa administración da súa política foron os correxementos. A pesar das intencións da monarquía e das precisas instrucións do cometidos dos correxedores, a escasa presenza territorial dos mesmos nun territorio maioritariamente señorial limitou en exceso a capacidade real para o directo goberno dos seus vasallos.

Finalmente, a derradeira institución con competencias e extensión sobre todo o Reino de Galicia na idade moderna foi a Intendencia. Nacida como proxecto gubernativo da nova monarquía borbónica, as súas competencias e os seus procedementos estiveron en discusión dende o mesmo momento da súa creación. A competencia administrativa que sostivo coa Real Audiencia, co Gobernador ou mesmo cos correxementos, así como as súas cambiantes atribucións de goberno, converteuna nunha das administracións da modernidade con maior interese dende o punto de vista dos historiadores do poder e da administración.

Os contidos, polo tanto, estruturaránse nas seguintes epígrafes:

- A Real Audiencia de Galicia: a creación, as competencias gubernativas, o seu funcionamento, as competencias xudiciais, os órganos de xestión
- O Gobernador Capitán Xeneral e o Rexente: a súa creación, as súas competencias
- Os correxementos: a representación territorial, as competencias, o seu funcionamento, a súa finalidade política
- A Intendencia borbónica: a creación, as atribucións administrativas, a competencia coas demais institucións austríacas, o seu funcionamento

### 1.2. A organización civil do territorio. A fiscalidade

O Reino de Galicia, con máis de 600 xurisdicións e 3600 parroquias, foi un territorio complexo de administrar para o poder central. A pesar de que esta estrutura base se mantivo a través de todo o Antigo Réxime, non ocorreu o mesmo coas vías administrativas polas cales os monarcas —tanto da casa de Habsburgo como de Borbón— tentaron conseguir-lo control civil da poboación.

Os bispados, e non as provincias, foron o marco territorial utilizado durante o século XVI pola monarquía para a imposición de certos trabucos. As provincias, con posterioridade, monopolizaron a xestión fiscal, pero o reparto no interior de cada unha delas foi complexo e diferenciado ó longo da modernidade: se



nun principio se tentou a través dos partidos fiscais, as parroquias acabaranse impoñendo no século XVIII.

Así, os contidos que se desenvolverán neste apartado son, esquematicamente, os seguintes:

- A fiscalidade no Antigo Réxime: a natureza das imposicións, a tipoloxía dos trabucos, o modelo fiscal castelán e as súas consecuencias no Reino de Galicia.
- As Xuntas do Reino de Galicia: o seu nacemento, o seu funcionamento, as súas reivindicacións, o “voto en Cortes”.
- Os bispados, os partidos fiscais e as parroquias: as vías administrativas para a exacción fiscal.
- As provincias: a súa creación, a súa extensión territorial, as súas competencias e o seu funcionamento no reparto tributario.
- A parroquia: de unidade administrativa eclesiástica a base da organización civil do Reino de Galicia.

### 1.3. A administración de xustiza

Como resposta ás guerras irmandiñas e ó abuso de nobres e fidalgos galegos sobre a poboación civil, os Reis Católicos limitaron o poder xudicial dos señores xurisdicionais no Reino de Galicia. A creación da Real Audiencia a partir de 1480 ofreceu a posibilidade de apela-las sentencias ordinarias ditadas por estes señores a un órgano común a todo o territorio galego e de natureza real. Incluso con independencia das competencias a maiores coas que foi dotado este real tribunal dende a súa creación, esta intitución mudou a administración de xustiza en Galicia para toda a modernidade.

A organización xudicial ordinaria —isto é, a impartida dende as xurisdicións señoriais— así como o funcionamento do real tribunal en materia xudicial coparán os contidos neste segundo apartado temático:

- A Real Audiencia como órgano de xustiza: situación xudicial previa, causas da súa creación, as atribucións xudiciais, a finalidade política, os procedementos.
- A xustiza ordinaria: as unidades xurisdicionais, a xerarquía xudicial nos grandes estados señoriais, os procedementos xudiciais, o persoal xudicial nos señoríos.
- O proceso xudicial: as vías e os procedementos, as sentencias, as apelacións, os arquivos xudiciais.
- A Real Chancillería de Valladolid: a súa creación, competencias, o seu ámbito territorial, a relación e a xerarquía coa Real Audiencia de Galicia, as vías e os requisitos para acceder á Real Chancillería.
- O Consello de Castela, a máxima e última instancia da xerarquía xudicial na Coroa de Castela: o seu funcionamento, os requisitos procedementais para acceder á súa xustiza.

#### 1.4. A administración eclesiástica

Sobre a base das parroquias ou feligresías, a Igrexa fundamentará o seu control territorial no territorio galego en toda a modernidade. Sobre as 3600 parroquias, e de menos a máis, a administración eclesiástica servirase de arciprestazgos, arcedianatos, bispados e arcebispados, e provincias eclesiásticas:

- A rede parroquial: a súa distribución territorial, a situación previa á idade moderna, os cambios do século XIX.
- Arciprestazgos e arcedianatos: a súa distribución territorial, as súas competencias eclesiásticas e os seus rexentes.
- Bispados e arcebispados: a súa distribución territorial.
- As provincias eclesiásticas: a relación co territorio galego, as súas atribucións.

#### 1.5. A organización militar. Dos Habsburgo ós Borbóns

A pesar da preferencia polo centro en detrimento da periferia dende o mesmo reinado dos Reis Católicos, a situación xeoestratéxica do Reino de Galicia obrigou á monarquía a modifica-la súa administración militar no noroeste peninsular. Os ataques de piratas e corsarios ás costas galegas e as continuas internadas da armada inglesa ata Cádiz foron motivo suficiente para establecer unha base de defensa permanente en Baiona e Coruña, fundamentalmente.

Coa reestruturación da marina coa chegada dos Borbóns, Ferrol vaise erixir nun emprazamento primordial para a monarquía, converténdose en capital do departamento marítimo do norte.

En síntese, os contidos a tratar en relación á administración militar son os seguintes:

- A defensa do Reino de Galicia: do esquecemento do Reis Católicos á toma de conciencia dos primeiros Habsburgo.
- As fronteiras de Galicia: ¿condicionante para o emprazamento das institucións?, os ataques marítimos, a “raia seca” con Portugal.
- O Capitán Xeneral e o seu papel na defensa do Reino de Galicia.
- Os fortes e o persoal militar en territorio galego nos séculos XVI e XVII.
- O caso de Ferrol: de vila pesqueira á maior cidade de Galicia en cincuenta anos (1726-1787).

### PRÁCTICAS INTERACTIVAS

---

En grupos interactivos de reducido tamaño, traballaranse as seguintes actividades participativas:

- Lecturas sobre a administración da monarquía hispánica na idade moderna:
  - o De autores e eruditos da modernidade.

- o Fragmentos de monografías, artigos e sínteses do contido visto previamente nas clases teóricas.
- o Fragmentos de obras de autores actuais, coas últimas novidades en Historia do Poder e da Administración.
- Utilización de fontes primarias para o estudo da administración moderna:
  - o A “Novísima Recopilación de las Leyes de España”, para o coñecemento legal das institucións.
  - o O “Catastro de Ensenada” (1749-1753), como fonte documental básica para o coñecemento da administración territorial a mediados do século XVIII.
  - o O “Nomenclátor de Floridablanca” (1787), como fonte documental básica para o coñecemento da distribución territorial das administración a finais do século XVIII.
- Exercicio individual que deberá ser entregada con posterioridade á práctica interactiva:
  - o Elección dun lugar da coroa de Castela —preferiblemente unha parroquia de Galicia, por exemplo, aquela onde naceu ou vive o alumno ou alumna— e esquematiza-las distintas unidades administrativas nas que está imbricada a mediados do século XVIII, diferenciando en cada caso os diferentes niveis xerárquicos e o seu cometido específico:
    - A administración eclesiástica.
    - A administración xurisdiccional.
    - A administración fiscal (provincial).
    - A administración xudicial.
  - o Compara-los resultados anteriores coa planta administrativa que para o mesmo lugar se debuxa no “Censo de Floridablanca”, especificamente en materia civil.
  - o Finalmente, indica-la transformación que sufríu a dita parroquia a partires de 1833, co nacemento dos novos concellos e as novas provincias constitucionais.
- En canto á programación, na primeira hora discutiranse as lecturas en común, entregadas con anterioridade ó día da clase interactiva.
- Na segunda das horas interactuarase coas fontes documentais necesarias para a elaboración do traballo, que deberá ser elaborado individualmente por cada alumno/a.

## **AVALIACIÓN**

---

Os contidos teóricos impartidos nas clases expositivas avaliaranse no control final da materia.

Os contidos traballados nas clases interactivas seguirá unha dobre vía:

- A asistencia, a participación e a discusión do material de lectura formará parte da cualificación final destinada ó conxunto das clases interactivas (10%).

- O traballo a elaborar individualmente sobre a administración dun determinado lugar a mediados do século XVIII puntuarase sobre un máximo dun punto (1) sobre o baremo destinado á realización de traballos prácticos (30%).

### **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA**

---

Textos de eruditos da idade moderna sobre a administración do Reino de Galicia e/ou da Coroa de Castela:

ARROYAL, León de (1968): *Cartas político-económicas al Conde de Lerena*, Madrid: Ciencia Nueva, 1968

LABRADA, José Lucas (1804): *Descripción económica del Reino de Galicia*, Ferrol: Imprenta de José Riesgo Montero, 1804

SOMOZA DE MONSURIU, Francisco (1775): *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia: discurso político legal*, Santiago de Compostela: Imprenta de Ignacio Aguayo, 1775

Textos actuais sobre a administración do Reino de Galicia na idade moderna:

FARIÑA JAMARDO, Xosé (1993): “A administración local en Galicia no Antigo Réxime”, en *Simposio da Historia da Administración Pública*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, pp. 271-280

GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga (1988): *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*, Ourense: Boletín Auriense, 10, Museo Arqueolóxico Provincial

GARRIGÓS PICÓ, Eduardo (1982): “Organización territorial a fines del Antiguo Régimen”, en *La economía española al final del Antiguo Régimen*, 4, I, Madrid: Alianza Editorial, pp. 1-105

GONZÁLEZ MARIÑAS, Pablo (1993): “A administración galega na súa perspectiva histórica. Cuestións e problemas da organización territorial e administrativa”, en *Simposio da Historia da Administración Pública*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, pp. 13-37

GRANADOS LOUREDA, Juan Antonio (1992): “Apuntes para la historia del comisariado borbónico: la Intendencia y su aplicación en Galicia, 1718-1775”, en *Simposio da Historia da Administración Pública*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, pp. 391-401

MORÁN GARCÍA, Gloria María (1992): “Contribución al estudio sobre la evolución histórica de la organización de la administración eclesiástica en Galicia”, en *Simposio da Historia da Administración Pública*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, pp. 251-269

ORTEGO GIL, Pedro (2011): “La fuente limpia de la Justicia: La Real Audiencia de Galicia”, en *Die Höchstgerichtsbarkeit im Zeitalter Karls V.: Eine vergleichende Betrachtung*, Baden: Nomos, pp. 177-269

- REY CASTELAO, Ofelia (1996): "Hombres y ejército en la Galicia del siglo XVIII", en *A Guerra en Galicia. O rural e o urbano na Historia de Galicia*, Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, pp. 153-188
- (1999): "La justicia del rey en la Galicia del Antiguo Régimen", en *¿Quen manda aquí? O poder na Historia de Galicia, VII Semana Galega da Historia*, Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, pp. 167-191
- (2014): "En los bordes: los estudios sobre la frontera en el modernismo", en *Fronteras e Historia: balances y perspectivas de futuro*, Badajoz: Tecnigraf, pp. 15-46
- RÍO BARJA, Francisco Xavier (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1987): "Algunos problemas que plantean las fuentes fiscales del Archivo General de Simancas referidas a Galicia", en *Jubilatio: homenaje de la facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González, I*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 337-349
- (1992): "Administración y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen", en *I Simposio da Historia da Administración Pública*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, pp. 131-160
- (1996): "A administración señorial", en *III Simposio de Historia da Administración Galega*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, pp. 31-40
- (2003): "La administración de las rentas provinciales en la Galicia del siglo XVIII", en *Sémata, 15*, Santiago de Compostela, pp. 395-413
- (2013): *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria : sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*, A Coruña: Real Academia Galega



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

